



# Resumo dos relatorios

**José Manuel Pérez Tornero**

## **Recomendacións prácticas para unha lectura crítica e plural**

O sistema mediático tradicional -en torno ao papel e os libros- parece entrar en decadencia. Os libros físicos véndense cada vez menos. As cadeas de librerías creban. Os xornais parecen xa artefactos do pasado. Os lectores tradicionais escasean. A lectura clásica parece sucumbir: os mozos non parecen dispor nin do tempo nin da atención necesaria para sostela. A imaxe gaña terreo. Internet -que potenciou, sen dúbida, a escritura- desenvolveu, sobre todo, a socialización da linguaxe audiovisual. Nas aulas, os encerados tradicionais convertéronse en encerados electrónicos. E os libros dixitais empezan a suplantar aos de papel.

Moitos son os que ven na “nova cultura” un derrube de valores lamentable en si mesmo. Pero, hai razóns para iso? Estamos ante un cataclismo universal que non ten remedio? Só hai razóns para o espanto?

De ningún xeito. Estamos ante un cambio profundo de modos e estilos, de comportamentos e de relacións: cambio de réxime da nosa vida cultural e política. Con iso, o que sucumbe -unha cultura tradicional- dará paso a novas formas culturais e políticas.

Se a lectura convencional perde peso, cobrarao un novo réxime de lectura baseado na liberdade de códigos e de linguaxes, na liberdade hipertextual, e na libre construción das propostas de sentido. Se o libro e o xornal en papel reducen a súa presenza, tomarán a súa substitución infinidade de soportes máis flexibles e potentes; máis sostibles e eficaces. Se os novos medios ameazan o anquilosamento das vellas democracias e as súas institucións, é porque empezan a cobrar impulso as novas formas de liberdade e de participación cidadá; porque a xente quere estar máis preto do político e aumentar a súa participación máis aló das eleccións periódicas. Trátase, en calquera caso,

## A competencia en comunicación lingüística. Un proxecto de centro II

---

dunha auténtica revolución -que virá acompañada de inmensas rebelións-.

Unha destas rebelións debe vir da mesma educación e da escola. Debe ter como obxectivo a conquista ou o renacemento, se se quere, dunha lectura crítica e plural, converxente cos novos medios, e que aproveite o seu enorme potencial. Que favoreza a autonomía individual e o sentido crítico.

Esta rebelión debe ser intelectual e pedagóxica, e innovar o sistema e a metodoloxía con que lemos e coa que se ensina actualmente a ler. Debe acabar coa sacralización ritual de certas prácticas e tratar de recuperar -como se dun novo humanismo se tratase- o sentido da exploración, da filoloxía, da crítica e reflexión sobre os textos clásicos e modernos. Debe fundarse unha nova república das letras que recupere ou constrúa, dentro da educación, un novo sentido de comunidade crítica que valore a profundidade e o pensamento libre e científico.





**María Pilar Jiménez Aleixandre**

### **Falar e escribir ciencias na aula**

¿Por que é importante aprender a falar e escribir ciencias?

Por unha banda, porque a aprendizaxe das ciencias inclúe, ademais de construír e usar conceptos e modelos para interpretar o mundo, participar nas prácticas propias do traballo científico. E o traballo científico ten dimensións experimentais, mais tamén outras discursivas ou comunicativas, por exemplo ler de forma crítica textos de contido científico, escribir informes de investigación ou avaliar coñecementos (hipóteses, teorías) en base ás probas dispoñibles. Esta avaliación é o que chamamos argumentación (Jiménez Aleixandre, 2010; Jiménez et al., 2009), que forma parte da competencia científica.

Por outra banda, porque é necesario contribuír desde todas as materias ao desenvolvemento da competencia lingüística e da competencia comunicativa. No relatorio discútense, entre outros: a construción de significados en textos narrativos e argumentativos en ciencias; a argumentación como xustificación e como persuasión; as transformacións do discurso científico en discurso escolar e divulgativo, con exemplos de relevancia para Galicia como o das vacas tolas, e as clases como espazos de comunicación. Préstase atención tamén ao papel da lingua galega na comunicación científica.



**José Luis García González**

### **A competencia dixital e lingüística en educación desde o punto de vista do ordenador**

Ao longo deste relatorio exploraremos como os ordenadores están a aprender a procesar a linguaxe e a ser capaces de realizar tarefas antes exclusivas das persoas. Por outra parte, a web 2.0 está a cambiar o xeito no que os estudantes interactúan e aprenden. Todo iso reclámanos cambios no modelo de ensino e aprendizaxe vixente. Cal será o papel dos docentes e dos discentes nun futuro próximo a medida que os ordenadores desenvolvan habilidades propias do ser humano?

Veremos exemplos de como os ordenadores son capaces de realizar, ata certo punto, tarefas lingüísticas como analizar morfosintacticamente, resumir, corrixir ortograficamente, extraer ideas nun texto, traducir, ler, etc. Cal será o impacto que esta tecnoloxía pode ter no traballo dos estudantes?

A avaliación foi tradicionalmente unha área reservada aos docentes, aínda que tamén vai verse afectada a moi curto prazo.

Ilustraremos como os ordenadores poden aplicarse á avaliación de textos con resultados moi prometedores.

O noso obxectivo é mostrar aos docentes como nos pode axudar a tecnoloxía a mellorar a educación e preparar os futuros cidadáns para responder aos retos futuros.